

BREVE MEMORIA DA AAM Agrupación de Amig@s do MARCO

Ao volver a vista atrás e pensar na historia recente da AAM, non resulta doado resumir o que foron quince anos de experiencias compartidas e ilusións, de entrar en contacto con diferentes realidades, de aprender cousas novas, de momentos tan estimulantes e outros de tristura profunda pola perda, moitas veces inesperada, de membros da Agrupación.

Recordo que, cando empezamos o noso camiño en 2003, sendo a primeira vez que se creaba en Vigo unha Agrupación de Amigos dun museo, houbo que empezar por aclarar e definir o noso papel e a nosa función cara á institución que iamos promover e apoiar.

Comezamos fomentando unha participación o máis ampla e heteroxénea posible —non só para unha elite restrinxida— da sociedade viguesa, creando actividades que estivesen en harmonía coa programación propia do noso Museo, coa función de preservación do patrimonio común, co movemento internacional dos Amigos dos Museos; e animando a contribuír cunha doazón económica á institución; algo que, grazas á suma de todas as achegas, suporía unha axuda para o seu bo facer e a súa misión.

Fomos pioneiras en crear varios ciclos específicos dentro das actividades da Agrupación, como por exemplo:

- “Coñeces a túa cidade, coñeces a túa contorna?” Visitas a zonas e edificios singulares de Vigo e o seu ámbito, especialmente Casco Vello e Campus Universitario, subliñando a historia da cidade a través da súa configuración urbana e da arquitectura de moitos edificios que hoxe en día van adquirindo o lugar que lles corresponde.
- “MARCO Extramuros”. Visitas a galerías e centros de arte que neses anos formaban parte do tecido urbano, en Vigo e outras cidades de Galicia, guiadas por persoal cualificado.
- “Café Voltaire. O sabor das letras”. Encontros literario-gastronómicos no MARCO restaurante&café (posteriormente Miguel Oliveira Restaurante), en colaboración coa Fundación Carlos Casares.
- “Vigo industrial”. Paseos guiados polo profesor Xoán Carmona, incluíndo visitas a empresas de distintos sectores e de grande tradición no noso territorio, como a automoción, o téxtil ou a industria conserveira.
- “Dialogando coa arte”. Charlas-encontros con artistas invitados no salón de actos do MARCO.
- Visitas a talleres de artistas.
- Viaxes e excursións, tanto en Galicia e España como no estranxeiro. Neste último caso, facéndoos coincidir con importantes eventos artísticos, como as bienais de Whitney en Nova York, a de Venecia ou Istambul; a documenta de Kassel, a feira Art Basel, o Skulptur Projekte Münster, ou Exposicións Universais como as de Lisboa ou Milán.
- Participación nos Congresos anuais da FEAM Federación Española de Amigos de los Museos, na que ao longo de doce anos fomos parte activa con representación no grupo de vogais.
- Organización no MARCO do XVIII Congreso Anual da Federación Española de Amigos de los Museos (2009) baixo o título “Museos e Amigos como axentes de integración”, coa participación de representantes dos máis importantes museos de todo o territorio nacional.

- Asistencia a feiras de arte como ARCO, Art Madrid e JustMad, xestionando entradas gratuítas para unha parte dos membros da AAM.
- Introducción do DIM Día Internacional dos Museos na programación do MARCO, que a partir dese momento se sumou cada ano a esta celebración, en liña cos lemas e recomendacións do ICOM.

E así unha longa lista, sen esquecer, naturalmente, as visitas a cada unha das exposicións programadas no MARCO, guiadas polos comisarios, e as múltiples colaboracións relacionadas coa programación do Museo, en estreita vinculación coas súas áreas de traballo e actividades.

Co tempo, chegaron anos difíciles. A crise económica, unida á baixa de diversas institucións que inicialmente apoiaran o proxecto, derivou nun baleiro na Dirección do Museo no que nos sentimos sen rumbo.

O desgaste deses meses, nos que como Agrupación de Amigos do MARCO nos implicamos na procura de apoios (máis de 7.000 sinaturas conseguíronse en campañas de visibilización da situación pola que estaba a pasar o Museo), e porque tamén era necesaria unha renovación despois de tantos anos na Presidencia da Agrupación, decido deixar en mans novas o meu cargo.

Así, a partir desa data, créase unha Comisión Xestora das actividades da AAM, que estou segura de que lle dará un novo pulo e dinamizará do mellor xeito posible como fieis defensores da cultura contemporánea na nosa cidade.

Daniela Sarraino

Presidenta AAM Agrupación Amig@s MARCO (2003-2018)